



**CONVENIO DE COOPERACIÓN ACADÉMICA CULTURAL QUE ASINAN POR UNHA PARTE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), REPRESENTADA POLO SEU RECTOR, D. DARIO VILLANUEVA PRIETO, E POLA OUTRA A UNIVERSIDADE DE NOVO MÉXICO, REPRESENTADA POLO SEU PRESIDENTE INTERINO, O DR. WILLIAM C. GORDON E POLO INTERINO DR. F. CHRIS GARCÍA DE ACORDO COAS SEGUINTES DECLARACIÓNS:**

**DECLARACIÓNS DA USC:**

1. Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público mediante o estudo, a docencia e a investigación, gozando de autonomía ó abeiro do artigo 27.10 da Constitución Española.
2. Que ó abeiro do artigo 4.2 dos seus Estatutos, son funcións da USC, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia e da técnica e outras formas de cultura, polo que debe propiciar o establecemento de relacións con outras universidades e institucións académicas, científicas ou culturais.
3. Que ten interese en establecer un convenio de cooperación académica e cultural coa Universidade de Novo México a través do Instituto Latino Americano e Ibérico nos termos e condicións que se establezan nas cláusulas do presente convenio.
4. Que para os efectos do cumprimento e execución do presente convenio, Darío Villanueva Prieto, rector da Universidade de Santiago de Compostela, poderá delegar a súa representación na persoa ou persoas que considere conveniente.

**DECLARACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE NOVO MÉXICO:**

1 Que é unha institución de educación superior creada polo decreto da Lexislatura Territorial de 1889, que a dota de plena capacidade xurídica, e que téñen como responsabilidade principal a de servir ós cidadáns do Estado de Novo México, EE.UU., brindándolles oportunidades educativas a niveis de possecundaria e posgrao; fomentar e realizar investigacións científicas e humanísticas, dotar o máximo número de cidadáns coa comprensión e o coñecemento adecuado para a formación de membros responsables dunha sociedade democrática e subministrar outros servizos que incrementen a cultura e benestar das persoas.



2 Que de acordo co seu Estatuto Xeral, o presidente é o seu representante legal.

3 Que na súa estrutura orgánica se inclúen o Instituto Latinoamericano e Ibérico, as funcións do cal abarcan: a concentración e o seguimento permanente dos convenios e acordos que se celebren entre as dependencias académicas e administrativas da UNM con organismos latinoamericanos; integrar con eles os programas de traballo correspondentes e coñecer o seu cumprimento.

A UNM e a USC comparten intereses académicos e culturais e; polo tanto ámbalas institucións desexan alentar a cooperación e o intercambio en tódalas áreas académicas de interese mutuo e, polo tanto estas dúas institucións buscan aumentar as bases de amizade e cooperación educativa a través de intercambios entre o Reino de España e os Estados Unidos de América, polo que a USC e a UNM conveñen nas seguintes :

## **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA :** O propósito deste convenio inclúe, pero non está limitado, o seguinte:

1. O desenvolvemento de proxectos de investigación conxuntos.
2. A organización de actividades académicas e científicas conxuntas, tales como: cursos, conferencias ou clases.
3. O intercambio de persoal docente e de investigación.
4. O intercambio de estudantes.
5. O intercambio de publicacións e outros materiais de interese común.
6. O intercambio e colaboración en proxectos culturais.

Os proxectos de cooperación contemplados neste convenio poden incluír calquera das disciplinas representativas de cada unha das institucións.

**SEGUNDA:** Co propósito de levar con éxito este convenio, a USC e a UNM designarán unha persoa apropiada en cada universidade para coordinar o desenvolvemento e realización de actividades en conxunto. Por intermediación destas persoas, cada institución pode presentar proposicións de actividades baixo este convenio.



Os detalles específicos para calquera actividade serán definidos nun anexo, o cal, asinado polas autoridades correspondentes de ámbalas universidades, pasará a formar parte integral deste convenio.

Este anexo pode incluír o seguinte:

1. Determinación das responsabilidades de cada institución para unha actividade acordada.
2. Elaboración dun calendario de actividades específicas.
3. Preparación de orzamentos e fontes de financiamento para cada actividade.
4. Calquera outra materia necesaria para a eficiente condución dunha actividade.

As persoas designadas como coordinadoras serán as responsables da avaliación de actividades baixo este convenio, segundo o estipulado en cada institución. O anexo será aprobado en cada institución segundo os procedementos normais que para este tipo de actividades existan en cada unha.

**TERCEIRA:** O presente convenio entrará en vigor na data en que ámbalas partes o asinen, e será válido sen límite de tempo. Este convenio pode ser modificado por mutuo acordo entre ámbalas institucións.

O convenio pode darse por terminado con calquera das institucións, por escrito, polo menos con tres meses de anticipación.

**CUARTA:** Os resultados obtidos cos proxectos serán publicados conxuntamente por ámbalas institucións con fins académicos ou de promoción social ou cultural, salvo acordo previo por escrito.

Para os efectos deste convenio as institucións sinalan como domicilios:

Universidade de Santiago de Compostela  
Pazo de San Xerome  
Praza do Obradoiro S/N  
15705 Santiago de Compostela  
Tfno: 981 584989  
Fax: 981 578017  
E-Mail: [vre301@si.usc.es](mailto:vre301@si.usc.es)



The University of New México  
 Latin American and Iberian Institute  
 801 Yale NE  
 Albuquerque, New Mexico 87131-1016  
 Usa

Dr. Gilbert W. Merx, Director Latin American and Iberian Institute  
 Merx@unm.edu

O presente convenio asínase por triplicado e en versións en inglés, español e galego nas cidades de Santiago de Compostela o día 22 de decembro de 1999 e en México o día 7 de marzo de 1999.  
 2000

Pola Universidade de Santiago de Compostela,  
 Darío Villanueva , Rector

Data. 12/22/99

Pola Universidade de Novo México:

Dr. Willian C. Gordon  
 Interim President  
 The University of New Mexico  
 Albuquerque, NM

Data.. 3/7/00

Dr. Richard W. Holder  
 Interim Provost  
 The University of New Mexico  
 Albuquerque, NM

Data..... 3/06/00